

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE SETEMBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se deixa sen efecto o Decreto 53/2007, do 8 de marzo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra de mellora da seguridade viaria na AC-415 A Coruña-Sabón (AC-552), treito: travesía de Meicende e A Pastoriza, PPQQ 1 + 600 ó 5 + 100, de clave AC/06/016.06.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Manual de instrucións para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e o Concello de Vigo, mediante o que se modifican os estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial da área de usos recreativos PS-5 do campus científico–tecnolóxico do mar na ETEA (Vigo).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto Sectorial de Instalación dunha planta de tratamento de residuos de construción e demolición na comarca da Limia.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Cortegada para a execución da obra: Fase 1-2 do proxecto colectores e depuración en Refoxos e Cortegada. 2ª Fase. Cortegada (Ourense), clave OH.332.744, por importe de cincocentos noventa e cinco mil seiscientos oitenta e nove euros con noventa e cinco céntimos (595.689,95 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba declarar de incidencia supramunicipal o proxecto de actividades extractivas da concesión de explotación Santa Lucía, nº 4875.1 (concello de Castrelo de Miño, Ourense), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Granada (España), para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e un mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (51.462,56 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Nova de Lisboa (Portugal), para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (56.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do Algarve (Portugal), para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (56.976,32 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da e a Università degli Studi di Padova (Italia), para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e seis mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (56.976,32 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación dun expediente de gasto consistente na contratación para a xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, para a reserva e ocupación de prazas en residencia para persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns, gravemente afectadas, na área de Vigo do mapa galego de servizos sociais, coa entidade Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), polo procedemento negociado sen publicidade (exclusividade) e

tramitación urxente. Expediente PN 75/2012 polo importe estimado de catorce millóns cincocentos vinte mil euros (14.520.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do Proxecto Liña de Alta Tensión a 132 Kv O Porriño-Frieira II, tramo subestación Atios-apoio núm. 12 sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común Carrascal e Laxedo, Pedra que Fala, Cerola, Faro e outros, pertencentes á comunidade de montes de Atios, no concello do Porriño, provincia de Pontevedra. Superficie total de afección: 3,93 has.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a posta en marcha do Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CDPI).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o Balance do programa de dinamización da lectura Letras Vivas 2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o desenvolvemento dun Plan de Xestión dos Residuos Sanitarios dos hospitais públicos de Galicia no marco da estratexia 2014 do Servizo Galego de Saúde
- Informe sobre a licitación das obras do centro de saúde de Oia-Pontevedra.
- Informe sobre a licitación das obras do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- Informe sobre os programas de Alzheimer.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre as actuacións realizadas na lexislatura destinadas á atención de persoas que sofren de Alzheimer e outras enfermidades dexenerativas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A DESAFECCIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLO DECRETO NO QUE SE DECLAROU A URXENTE OCUPACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA TRAVESÍA DE MEICENDE

- ***Dado que non será necesario nun futuro próximo a ocupación deses terreos, considerouse apropiado deixar sen efecto o antedito decreto, co fin de liberar das cargas que lle supón ás parcelas afectadas***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a desafección dos terreos afectados polo decreto no que se declarou a urxente ocupación das obras de mellora da seguridade viaria na AC-415, na travesía de Meicende, xa que estes nunca foron ocupados. A aprobación deste decreto é un requisito para proceder á desafección dos ditos terreos.

As obras finalmente executadas e que se atopan rematadas desde o 22 de maio de 2011 non precisaron da ocupación dos terreos afectados polo Decreto 53/2007, do 8 de marzo, polo que se declarou a necesaria e urxente ocupación. Tendo en conta ademais que non será necesario nun futuro próximo a ocupación deses terreos, considerouse apropiado deixar sen efecto o antedito decreto, co fin de liberar das cargas que lle supón ás parcelas afectadas.

Por iso, coa vindeira publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta quedará materializada a desafección dos terreos afectados.

Antecedentes

A anteriormente denominada Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobou un proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na AC-415 A Coruña-Sabón (AC-552), treito: travesía de Meicende e A Pastoriza, punto quilométrico 1 + 600 ó 5 + 100, que prevía a execución de 7 glorietas e 11 interseccións básicas co que se pretende encauzar todo os xiros posibles, así como reducir a velocidade de circulación.

Os bens e dereitos necesarios para a realización das obras foron afectados polo Decreto 53/2007, do 8 de marzo (publicado no DOG nº 64, do 30 de marzo de 2007), co que se declarou a utilidade pública e a urxente ocupación. As obras licitáronse o 13 de decembro de 2007 e adxudicáronse o 21 de febreiro de 2008, formalizándose o contrato administrativo o 29 de febreiro de 2008. O 28 de marzo de 2008 levantouse unha acta de comprobación da implantación negativa como consecuencia da importante oposición social a estas obras.

A raíz desta incidencia, comezouse a redacción dun proxecto modificado nº 1, que previo á súa aprobación, foi sometido ao trámite de información pública o 24 de xullo de 2009 para, posteriormente, en setembro de 2010, aprobar o expediente de información

pública na que, logo da análise das alegacións e observacións presentadas, e tendo en conta as circunstancias concorrentes, se dispuxo desistir da execución das 7 glorietas e das 11 interseccións para proceder a executar unicamente un reforzo de firme.

Con este criterio, as obras iniciáronse o 23 de setembro de 2010 e as obras remataron o 22 de maio de 2011.

Como consecuencia de todo o anterior, non se precisou realizar expropiacións para a execución da actuación, dado que se centraba na mellora do firme da estrada e noutras actuacións executadas integramente na súa zona de dominio público.

A XUNTA PORÁ Á DISPOSICIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS UN MANUAL SOBRE AS FUNCIÓNS QUE DEBERÁN DESEMPEÑAR NA XORNADA ELECTORAL

- ***O manual inclúe instrucións detalladas sobre cada unha das fases das eleccións, para que os membros das mesas poidan realizar con eficacia o seu cometido***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o manual para os membros das mesas electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012, que xa foi supervisado pola Xunta Electoral central.

Este manual vai dirixido ás persoas designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral nos vindeiros comicios, co fin de que se familiaricen co seu labor como membro dunha mesa e poidan desempeñar con eficacia cometido que lle foi asignado.

O primeiro punto do manual trata sobre as mesas electorais e os seus membros, e nel explícase por que se designan cidadáns como membros das mesas e como se fai a composición e funcións das mesas electorais, e os dereitos e obrigas dos membros das mesas.

Así mesmo, inclúese unha descrición detallada das distintas fases da xornada electoral desde as 8.00 horas ata o remate do escrutinio, con instrucións precisas e concretas do labor que deben desenvolver os membros da mesa.

A primeira fase é a constitución da mesa electoral: desde as 8.00 horas que se celebra a reunión no local electoral ata a extensión da acta de constitución da mesa electoral as 8.30 horas. A segunda fase é a de votación: desde a apertura do colexio electoral ás 9.00 ata a finalización da votación ás 20.00 horas. E por último, descríbese a fase de escrutinio, na que se realiza o recuento de votos, a extensión das actas de escrutinio e de sesión e a preparación da documentación electoral que será entregada en Correos e no xulgado de primeira instancia ou de paz.

O CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO, NO QUE A XUNTA PARTICIPA CO 90% DO CAPITAL, CONTINUARÁ O SEU LABOR DE REHABILITACIÓN DURANTE OS PRÓXIMOS CINCO ANOS

- *A Xunta continuará tendo o 90 por cento do capital deste organismo, mentres o 10 por cento restante corresponde ao concello de Vigo*
- *Esta repartición correspóndese coas achegas de ambos os organismos ao capital do Consorcio, que foron 27 millóns de euros no caso do IGVS e tres millóns de euros do Concello*
- *Establécese a obriga de reinvestir na zona vella os ingresos que se obteñan da explotación ou venda dos edificios que rehabilite*
- *O destino preferente dos edificios serán as vivendas protexidas e o presidente será un representante da Xunta de Galicia*
- *Na actualidade o Consorcio do Casco Vello de Vigo é propietario de 54 inmobles, dos que 15 xa están rehabilitados e nos que se obtiveron 52 vivendas e 13 locais comerciais*
- *Ademais están en execución as obras de rehabilitación doutros 20 inmobles en ruínas no contorno do Castelo de San Sebastián -na parte alta do barrio antigo- que posibilitará a creación de 30 novas vivendas e 7 locais comerciais*

Tal e como se comprometera dende a Xunta de Galicia, o Consorcio do Casco Vello de Vigo continuará a súa actividade de rehabilitación da zona antiga da cidade durante os próximos cinco anos, segundo establecen os novos estatutos deste aprobados hoxe polo Consello da Xunta de Galicia. En calquera caso, considérase a posibilidade de prórroga do convenio unha vez rematada a súa vixencia. A actividade do Consorcio insírese na política de rehabilitación que leva a cabo o IGVS, tanto a través de axudas aos propietarios de vivendas, como a través das áreas de rehabilitación ou a rehabilitación directa, como a que se executa na zona vella de Vigo, na Tinería (Lugo) ou noutras zonas vellas de vilas e cidades galegas.

Segundo os novos estatutos, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) continuará tendo o 90 por cento do capital deste organismo, mentres o 10 por cento restante corresponde ao concello de Vigo. Esta repartición correspóndese coas achegas de ambos os organismos ao capital do Consorcio, que foron 27 millóns de euros no caso do IGVS e tres millóns de euros do Concello.

Entre as novidades que presentan os novos estatutos do Consorcio está a obriga expresa de destinar ao financiamento das actividades de recuperación da zona vella de Vigo, propias do consorcio, do produto obtido da explotación ou alleamento dos inmobles que rehabilite.

Tamén se establece que a rehabilitación de inmobles que realice o Consorcio farase tendo en conta que o destino prioritario dos ditos inmobles será o de vivendas,

preferentemente acollidas a algún réxime de protección pública, inda que non se pecha a posibilidade de destinar algúns inmobles a outro usos ou dotacións públicas.

No que respecta aos aspectos organizativos internos do Consorcio, cabe salientar a creación da figura dun vicepresidente, cargo que desempeñará un representante do concello de Vigo, mentres que a presidencia corresponderá a un representante da Xunta de Galicia.

O consello de administración do Consorcio estará composto polo seu presidente, o concelleiro de Vigo que exerza a competencia de urbanismo na zona vella de Vigo, tres concelleiros de Vigo e catro representantes do IGVS. O cargo de conselleiro do Consorcio non será retribuído.

O Consorcio Casco Vello de Vigo nace en febreiro de 2005 coa sinatura dun convenio entre o IGVS, o concello de Vigo e a Zona Franca de Vigo, co obxectivo de levar a cabo actuacións de rehabilitación na zona vella da cidade. Posteriormente a Zona Franca cedeu a súa participación ao IGVS, quedando o Consorcio formado pola Xunta de Galicia e o concello de Vigo.

Na actualidade o Consorcio do Casco Vello de Vigo é propietario de 54 inmobles, dos que 15 xa están rehabilitados e nos que se obtiveron 52 vivendas e 13 locais comerciais.

Destas 52 vivendas, 34 sorteáronse como vivendas de protección autonómica en réxime de compravenda a prezo concertado, 12 foron asignadas en réxime de alugamento e 5 destináronse a realoxamentos.

Ademais, na actualidade están en execución as obras de rehabilitación doutros 20 inmobles en ruínas no contorno do Castelo de San Sebastián -na parte alta do barrio antigo- que posibilitará a creación de 30 novas vivendas e 7 locais comerciais.

A XUNTA APROBA DEFINITIVAMENTE O PROXECTO SECTORIAL DA ZONA DE USOS RECREATIVOS DA ETEA QUE PERMITIRÁ A POSTA Á DISPOSICIÓN DOS VECIÑOS DE PRETO DE 8.000 M2 DESTINADOS A OCIO, DEPORTE E DESFRITE DO LITORAL

- *O proxecto sectorial enmárcase no Plan Sectorial da ETEA que foi aprobado definitivamente no Consello da Xunta do pasado 23 de febreiro, cuxo ámbito total ocupa 115.000m²*
- *As alegacións presentadas durante a exposición pública que propoñían melloras no contido do proxecto foron introducidas no documento.*
- *A aprobación do proxecto sectorial permitirá avanzar tamén no proceso de licitación, que se levou a cabo de forma paralela para axilizar os trámites e gañar tempo de cara á execución da obra*
- *Este mesmo mes procederase á adxudicación dos traballos, que se iniciarán de xeito inmediato cun investimento que ascende a 800.000 euros*

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, acordou aprobar definitivamente o proxecto sectorial correspondente á área de usos recreativos da ETEA, no Concello de Vigo.

Trátase dunha das 7 actuacións, que se desenvolverán a través dos correspondentes proxectos sectoriais, recollidos no Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do mar nos terreos da ETEA en Vigo que promove a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta do 23 de febreiro de 2012.

O proxecto sectorial da área de usos recreativos ten por obxecto definir, co detalle dun proxecto de urbanización, a transformación dun ámbito de 8.000 m, antigamente dedicado ao esporexemento e deporte dos alumnos da ETEA, que considerará a:

- Creación dunha senda peonil no borde litoral que dará continuidade ao actual paseo que une Punta da Guía coa ETEA, permitindo o seu uso como carril-bici.
- Apertura da praia do Areal da Punta á cidadanía.
- Dotación de novos equipamento públicos como pistas deportivas, patinaxe, skate, parque infantil, cafetería e vestiarios.

Ao tempo, consérvanse as valiosas especies arbóreas que posúen as antigas instalacións. A edificabilidade non superará os 2.150 m² construídos que en parte se concentrará na conservación dos edificios da panadería e vestiarios na súa configuración orixinaria, demolendo aqueles outros sen valor significativo, caso dos galpóns anexos aos anteriores e os almacéns. Así como a reforma e posta en servizo das redes de servizos de abastecemento, electricidade, iluminación e telefonía.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL PARA A PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN NA LIMIA

- *A localización é unha antiga canteira abandonada de 22.734 m², convertida en vertedoiro incontrolado, situada entre os núcleos de Morgade e A Pena*
- *A capacidade anual de tratamento de residuos da construción será de 20.682 t/ano, cunha porcentaxe de recuperación do 78,8% o que se traduce en 18.108,24 t/ano de áridos recuperados*
- *Tras a aprobación, a execución material do proxecto corresponderá á Deputación de Ourense, na súa condición de entidade promotora*

O Consello da Xunta informa hoxe da aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a planta de tratamento de residuos de construción e demolición na comarca da Limia.

O proxecto sectorial ten por obxecto a instalación dunha planta para o tratamento dos residuos de construción e demolición que se xeren na comarca da Limia, tendo prevista a súa localización en Morgade e A Pena, no Concello de Xinzo. O lugar de situación é unha antiga canteira abandonada de 22.734 m², convertida en vertedoiro incontrolado, situada entre os núcleos de Morgade e A Pena.

A capacidade anual de tratamento de residuos da construción será de 20.682 t/ano, cunha porcentaxe de recuperación do 78,8%, o que se traduce en 18.108,24 t/ano de áridos recuperados. Os residuos para os que non sexa viable a súa recuperación terán como destino final o depósito de rexeitamentos anexo que disporá dunha capacidade de 64.900 m³ e contará cunha vida útil de 25 anos.

Tras a aprobación, a execución material do proxecto corresponderá á Deputación de Ourense, na súa condición de entidade promotora.

Antecedentes

En data 1 de xullo de 2010, o Consello da Xunta acordou declarar a incidencia supramunicipal do proxecto para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e o Decreto 80/2000, do 23 de marzo, que a desenvolve.

Na tramitación posterior cómpre destacar a realización dos seguintes trámites preceptivos: informe da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe; emisión de declaración de impacto ambiental e autorización ambiental integrada; sometemento do proxecto a información pública e informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN CONVENIO CO CONCELLO DE CORTEGADA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE SANEAMENTO EN DISTINTOS LUGARES DESTE MUNICIPIO OURESÁN

- *Con esta actuación satisfaranse as necesidades máis urxentes en materia de depuración dos núcleos do Pazo, Ponte-Trado e Refoxos no concello de Cortegada*
- *O investimento previsto ascende a preto de 600.000 euros*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un convenio co Concello ourensán de Cortegada para a execución de obras de colectores e depuración dos lugares de Refoxos e Cortegada. Con esta actuación satisfaranse as necesidades máis urxentes no que se refire a saneamento dos veciños dos núcleos de O Pazo, Ponte-Trado e Refoxos no citado municipio. Así mesmo, dotarase dun servizo de saneamento axeitado a unha poboación de 370 habitantes.

Grazas a este acordo levaranse a cabo distintas obras, que teñen un prazo de execución de nove meses e contan cun orzamento de máis de 590.000 euros, divididos en dúas anualidades, con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, e dos cales un 50% serán financiados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, nos lugares de:

- **En Refoxos** executarase 5.450 metros de tubaxe de PVC de 250 mm de diámetro ata enlazar coa rede existente para posteriormente ser depuradas as augas en Ponte-Trado. Darase servizo aos núcleos de Casares da Virxe, A Pousa, A Pereira e Vilaverde.
- **No núcleo do Pazo**, instalarase unha depuradora que consta dun aliviadoiro de crecidas, unha arqueta de desbaste, un decantador-dixestor, una cámara de descarga, un leito bacteriano, un decantador-dixestor secundario e unha arqueta de control para a súa inspección antes da vertedura. Darase servizo a unha poboación de 182 habitantes.
- Executarase un novo sistema de depuración no **núcleo de Ponte-Trado**, cambiando parte do tramo final da rede de saneamento e afastándoo das casas habitadas. A tubaría de saneamento será de PVC de diámetro 315 mm, intercalándose pozos de rexistro executados en formigón en masa. Ademais levarase a cabo a construción dunha depuradora que consta dun aliviadoiro de crecidas, unha arqueta de desbaste, un decantador-dixestor, unha cámara de descarga, un leito bacteriano, un decantador-dixestor secundario e unha arqueta de control para a súa inspección antes da vertedura. A poboación total servida será de 144 habitantes.

Antecedentes

Neste momento, no concello de Cortegada, no núcleo de Refoxos non se dispón de saneamento e, ademais, lugares de Peralba, A Decolada e Ponte-Trado contan con rede de saneamento e unha fosa séptica en Ponte-Trado, pero está inservible e, practicamente, soterrada na bacía do río. No núcleo de Pazo hai unha fosa séptica que recolle a rede desde os núcleos de Abelenda, O Casal, Casaldalvaro, Pazo, A Encoutada e Refoxos, pero atópase en desuso por falta de mantemento e totalmente soterrada pola maleza.

Este convenio tramítase ao abeiro do Decreto 84/1997, do 10 de abril que prevé a colaboración técnica e financeira da administración hidráulica de Galicia coas entidades locais.

Mediante a dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras de abastecemento e saneamento de auga, incluso os proxectos técnicos e construtivos, nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

ECONOMÍA E INDUSTRIA AVANZA NA TRAMITACIÓN DUNHA EXPLOTACIÓN MINEIRA EN CASTRELO DE MIÑO QUE PREVÉ CREAR MÁIS DE 30 POSTOS DE TRABALLO

- ***O Consello da Xunta vén de aprobar a declaración da incidencia supramunicipal dun proxecto sectorial para a extracción de granito no municipio ourensán***
- ***O investimento previsto para o primeiro ano de actividade é de preto de 250.000 euros***
- ***O Goberno galego impulsou ao longo da lexislatura a mobilización de investimentos por máis de 30 millóns de euros apoiando o desenvolvemento dun sector mineiro en Galicia forte, innovador, sostible e eficiente***

O Consello da Xunta vén de aprobar a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial dunha explotación de extracción de granito ornamental no concello ourensán de Castrelo de Miño.

A Consellería de Economía e Industria avanza así na tramitación dunha concesión mineira que podería beneficiar tanto o municipio no que se asentará como a toda a zona, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo directos e indirectos e un investimento para o primeiro ano de actividade de preto de 250.000 euros.

O proxecto para a concesión da explotación Santa Lucía nº 4875.1, promovido pola empresa Sancus Granitos y Energía, S.L., continuará agora a súa tramitación, sendo o seguinte paso a dar a obtención da declaración de impacto ambiental. Unha vez superados todos os trámites ambientais e de ordenación do territorio, deberá ser aprobado polo Consello da Xunta.

O Goberno galego apoia o desenvolvemento dun sector mineiro en Galicia forte, innovador, sustentable e eficiente, e traballa a prol dunha minería comprometida ambientalmente e para que o aproveitamento desta riqueza natural beneficie a sociedade.

Ao longo da lexislatura a Consellería de Economía e Industria impulsou a mobilización de investimentos por máis de 30 millóns de euros no sector, apostando pola mellora competitiva e a innovación, incentivando e facilitando a investigación, coa posta en marcha do censo catastral mineiro ou colaborando coas asociacións e clústers.

Así, apoiouse desde a súa creación ao Clúster do Granito e da Pizarra, cos que se está a desenvolver un importante proxecto para a eliminación dos riscos derivados da exposición ao po de sílice. Tamén se están a impulsar os centros tecnolóxicos da lousa e do granito, que realizan unha importante actividade en I+D+i, imprescindible para situar o sector na vangarda.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVARÁ OS CONVENIOS COAS UNIVERSIDADES DO ALGARVE, LISBOA, GRANADA E PADOVA PARA DAR CONTINUIDADE Á PROXECCIÓN, O ENSINO E A INVESTIGACIÓN DA LINGUA GALEGA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura destas colaboracións para tres cursos académicos***

As universidades do Algarve (Portugal), Granada, a Universidade Nova de Lisboa, e a Università degli Studi di Pádua (Italia) continuarán a colaborar coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou a sinatura dos convenios, polos que se renova a colaboración con estas institucións académicas para tres cursos.

Ao abeiro deste marco de colaboración, as universidades incluirán no seu plan de estudos unha importante oferta académica que lle permitirá ao seu alumnado cursar materias de lingua, literatura e cultura galegas.

En concreto, a Universidade do Algarve impartirá estas ensinanzas na Facultade de Ciencias Humanas e Sociais, para todos os cursos do *Departamento de Letras Clásicas e Modernas*. A maiores ofertaranse, como actividades extracurriculares, un curso libre sobre Lingua e Cultura Galegas e un Curso Monográfico de Literatura Galega, aberto tanto aos estudantes da Universidade como a aquelas persoas de fóra que estean interesadas.

Pola súa parte, a Universidade nova de Lisboa ofertará estas ensinanzas a través da *Facultade de Ciências Sociais e Humanas*; mentres que a de Granada o fará nos plans de estudo da facultade de Filosofía e Letras, en concreto a oferta do galego como Idioma Moderno para todos os graos de Filoloxía; e a de Pádua o incluirá como parte das materias do *Dipartimento di Romanistica*.

Ademais, estes convenios recollen a organización de diversas actividades relacionadas coa investigación, coa promoción e coa difusión do galego, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., que se levan a cabo tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Preto de 2.000 alumnos e alumnas

O encargado de levar a cabo as iniciativas que se recollen no convenio será un profesor-lector ou lectora de galego, que nomeará a Secretaría Xeral de Política Lingüística por un período inicial dun ano, coa posibilidade de renovación ata completar unha estadía máxima de tres.

Con este tipo de convenios, a Xunta de Galicia posibilitará que, no curso académico 2012-2013, preto de 2.000 alumnos e alumnas estuden lingua e cultura galegas en universidades de Alemaña, Arxentina, Brasil, Cuba, Croacia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Uruguai.

A creación destes centros de estudos galegos enmárcase, desde o punto de vista normativo, na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Así mesmo, a convocatoria de prazas nos lectorados destes centros responde a un dos obxectivos do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega fixados no ámbito da proxección exterior, que incide en “consolidar o ensino e a investigación do galego nas universidades en que xa existe como materia de estudo e introducilo noutras universidades de interese estratéxico”.

BENESTAR FINANCIARÁ 22 PRAZAS PÚBLICAS RESIDENCIAIS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO CONCELLO DE VIGO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o contrato de xestión do servizo público para a reserva e ocupación de prazas***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar investirá máis de 1,5 millóns de euros entre 2012 e 2015 neste concerto de prazas***
- ***Trátase da primeira vez que se concertan prazas residenciais permanentes na provincia de Pontevedra destinadas a persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns***

A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha un total de 22 novas prazas públicas de atención residencial especializada para persoas con parálise cerebral e discapacidades afíns na área urbana de Vigo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do contrato de xestión do servizo público para a reserva e ocupación de prazas de atención residencial. Este contrato faise en colaboración coa Asociación de familias de persoas con parálise cerebral (APAMP). Trátase da primeira vez que se concertan prazas públicas residenciais, de xeito permanente, na provincia de Pontevedra destinadas a persoas con parálise cerebral e algún tipo de discapacidade afín.

Así, para poñer en marcha estes recursos, o departamento autonómico investirá un total de 1,5 millóns de euros entre 2012 e 2015.

A creación destas prazas permite incrementar o sistema de atención social especializada, ao ter en conta as necesidades de atención tanto das persoas con discapacidade como das súas familias. Ademais, o incremento de recursos evita que a situación de dependencia constitúa un factor máis de illamento ou exclusión social.

Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego pola atención á dependencia e pola posta en marcha de novos recursos sociais, dunha forma eficiente e planificada.

A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DA INSTALACIÓN DUNHA LIÑA ELÉCTRICA EN MONTES VECIÑAIS DO PORRIÑO

- ***O acordo do Consello da Xunta comprende 3,93 has de terreos do monte veciñal en man común de Carrascal e Laxedo, Pedra que fala, Cerola, Faro e outros, pertencentes á comunidade de montes de Atios, no concello pontevedrés do Porriño***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do Proxecto Liña de Alta Tensión a 132 Kv OPorriño-Frieira II, tramo subestación Atios-apoio núm. 12 sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común de Carrascal e Laxedo, Pedra que fala, Cerola, Faro e outros, pertencentes á comunidade de montes de Atios, no concello pontevedrés do Porriño.

A superficie total de afección é de 3,93 has. Este proxecto contribuirá a mellorar a subministración eléctrica no contorno do Porriño.

Trala autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra, o Servizo de Montes desta mesma provincia remitiu informe favorable logo de constatar que o estado da masa forestal e a súa calidade produtiva, así coma o estado físico e ecolóxico dos terreos terían unha escasa afección por este proxecto.

Á vista de toda a documentación do expediente, a Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar propuxo informar favorablemente desta prevalencia en virtude do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

ENTRA EN FUNCIONAMENTO O CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL DA XUNTA QUE PERMITIRÁ UN AFORRO DE TRES MILLÓNS DE EUROS ANUAIS

- *Unha vez consolidado permitirá reducir un 27% o custo enerxético dos CPD actuais, ademais dun 30% o investimento en hardware e outro 30% no mantemento do mesmo*
- *Xestionará todo o arquivo dixital de Galicia, administrando desde os seus 2.000 servidores informáticos preto de 3.000 aplicacións de todas áreas administrativas*
- *Prestará servizo a todos os centros dependentes da Administración autonómica e a ás deputacións, concellos e universidades*
- *Terá unha capacidade inicial de almacenamento de 1,9 petabytes, o equivalente a máis de 593.000 millóns de páxina*
- *É unha infraestrutura chave para a dixitalización da Administración autonómica e para garantir o funcionamento de servizos esenciais para o cidadáns como a Sanidade, a Xustiza ou a Educación*

O Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) entrou en funcionamento esta semana, prestando os servizos da Web institucional e do Diario Oficial de Galicia. De xeito paulatino xestionará case 3.000 aplicacións desde os seus 2.000 servidores informáticos.

A posta en marcha do CPDI forma parte dos compromisos da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal como unha infraestrutura chave para a dixitalización da Administración autonómica e para garantir a prestación de servizos o funcionamento de servizos esenciais para o cidadáns como a Sanidade, a Xustiza ou a Educación. Permitirá facer prestar mellores servizos con menos custo xa que a consolidación deste proxecto suporá unha redución de custos de ata 3 millóns de euros anuais.

Situado no Centro de Innovación e Modernización Cultural Tecnolóxica da Cidade da Cultura, o CPDI é unha plataforma tecnolóxica de altas prestacións que vai permitir continuar o proceso de modernización no que está inmersa a Administración pública autonómica e conseguir unha administración aberta as 24 horas do día os 365 días do anos con todas as garantías para un correcto funcionamento e para ofrecer máis e mellores servizos aos cidadáns con menor custo.

Integración de funcións

O acendido do corazón dixital de Galicia supón o inicio da integración das funcións dos 80 CPDs existentes, dos cales o 90 por cento carecen de capacidade de crecemento e están afectados por problemas de refrixeración, de dispoñibilidade e de consumos excesivos de enerxía eléctrica, que dificultan unha xestión eficiente. Este proceso consolidarase nun período de dous anos.

Aforro

Unha vez consolidado o CPDI acadaranse importantes aforros. A unificación de todos os servizos nunha mesma infraestrutura tecnolóxica permitirá unha redución dun 27% do custo enerxético do gasto anual da factura eléctrica dos CPD actuais. Tamén reducirá un 30% o investimento en hardware e outro 30% no mantemento do mesmo. Todo isto sumado á reorganización dos espazos liberados nos edificios administrativos da Xunta posibilitará un aforro anual de 3 millóns de euros. Así, unha vez consolidada a infraestrutura, amortizarse o seu custo en menos de dous anos.

Capacidade de almacenamento e servizo

O CPDI custodiará todo o arquivo dixital de Galicia, é dicir, toda a documentación que xera a Administración autonómica: procedementos xudiciais, contidos educativos, expedientes administrativos, DOG dixital, historias clínicas, receitas electrónicas ... Para xestionar toda esta información e garantir á seguridade e a dispoñibilidade dos servizos o Centro contará cunha capacidade inicial de almacenamento de 1,9 petabytes, o equivalente a máis de 593.000 millóns de páxinas.

O Centro de Proceso de Datos dará servizo a todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia e a outras entidades públicas como as deputacións provinciais, os concellos e as universidades. En cifras, tradúcese na prestación de servizo a 1.260 centros administrativos, 1.400 centros educativos, 600 centros asistenciais e sanitarios, a 322 entidades xudiciais, 1.500 oficinas de farmacia, e a a máis de 90.000 empregados públicos.

Distribución

A superficie construída do Centro, situado no soto do Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica da Cidade da Cultura, é de 1.600 metros cadrados construídos, nos que se sitúan as salas de servidores, comunicacións, hosting, ademais das salas técnicas de cadros eléctricos e sistemas de alimentación ininterrompida, de operación do CPD, de montaxe de equipos, de copias de respaldo, almacén, a sala de operadores externos de telecomunicacións, a área de refrixeración e subministración de emerxencia (grupo electrógeno) e a sala dos centros de transformación.

Sede da Amtega

As oficinas do Centro de Innovación e Modernización Tecnolóxica do Gaiás son tamén a sede da Axencia para a Modernización de Galicia (Amtega). Neste edificio están xa a traballar 100 tecnólogos dos 286 que xa están integrados na Amtega. A Axencia está a unificar baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta. Xa se asinaron os convenios para a integración do persoal e o orzamento tecnolóxico das seis consellerías previstas para este ano e 13 organismos delas dependentes.

Equipamento e Seguridade

Para garantir a seguridade do CPDI e a dispoñibilidade de servizo o centro está dotado con varios sistemas que aseguran a continuidade da subministración eléctrica en caso de avaría.

Outro aspecto chave para o correcto funcionamento do CPDI é a refrixeración para o que dispón dun sistema de climatización e outros equipos alternativos que, en caso de fallo deste sistema, entran en funcionamento de xeito automático para manter nas mesmas condicións de temperatura.

A nivel de telecomunicacións, o Centro tamén está preparado para ter conectividade incluso no caso de caídas de varias liñas, cun dobre circuito e canalizacións e mesmo varios operadores de telecomunicacións dando servizo.

Como medidas de protección adicionais todo o equipamento está monitorizado para control preventivo e xestión de toda a instalación e mellora da eficiencia enerxética. Todas as salas teñen sistemas de detección e extinción de incendios, e unha estrutura construída con materiais resistentes ao lume e á auga, ademais dun control por videocámaras e un acceso restrinxido só para persoal autorizado.

CULTURA E EDUCACIÓN ORGANIZA, A TRAVÉS DO PROGRAMA 'LETRAS VIVAS', 435 ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN E PROMOCIÓN DA LECTURA EN 105 BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE TODA GALICIA

- *O obxectivo de Letras Vivas é promover o papel da biblioteca como punto de encontro cultural e centro para a formación e a información dos individuos a través do libro*
- *A través desta iniciativa garántese que os centros da Rede de Bibliotecas de Galicia poidan elaborar programacións anuais estables de fomento da lectura, ao tempo que se apoia o traballo dos nosos creadores. Entre as actividades inclúense obradoiros creativos, contacontos, recitais literarios, actuacións teatrais, etc.*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro das políticas de promoción do libro e da lectura, vén de presentar o informe anual do programa Letras Vivas. Tal e como se informou hoxe no Concello da Xunta, a Secretaría Xeral de Cultura organizou ao longo deste ano 2012 un total de 435 actividades de animación e promoción da lectura e a lingua galega en 105 bibliotecas públicas.

O programa Letras Vivas, que este ano chega á súa quinta edición, promove o papel da biblioteca como punto de encontro cultural e como centro para a formación e a información dos individuos a través do libro. Deste xeito, a través desta iniciativa, conséguese, por unha banda, que as bibliotecas públicas poidan elaborar unha programación anual estable de fomento da lectura, e doutra banda, promócióname o traballo dos creadores galegos con actividades como obradoiros creativos, contacontos, mesas redondas, actuacións teatrais, recitais literarios, sesións de maxia, etc.

As gran maioría das actividades que se ofrecen a través do programa Letras Vivas caracterízanse por procurar un achegamento á lectura desde un enfoque interactivo e lúdico, que axude a transmitir a paixón polos libros como fonte de gozo e de coñecemento. As propostas atenden os distintos sectores de usuarios da bibliotecas, se ben a meirande parte delas están dirixidas aos nenos e nenas, por conformaren unha franxa chave na formación lectora das persoas. De igual forma, prográmanse accións tanto destinadas a un público carente do hábito lector e outras específicas para os afeccionados á lectura.

Letras Vivas

A través do portal web da Rede de Bibliotecas de Galicia, a Xunta creou un espazo aberto no que axentes e animadores culturais ofrecen as súas propostas anuais de actividades para favorecer a lectura e a creación literaria entre o espectro amplo da sociedade. Calquera das bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia pode solicitar participar neste programa.

Deste xeito, os propios axentes sociais activos (empresas e entidades con actividade dinamizadora, escritores, ilustradores, contacontos, actores, etc.) os que introducen no catálogo as súas propostas de actividades, favorecendo así un extenso abano de opcións en permanente actualización, a partir das cales cada biblioteca planifica a súa propia programación segundo as súas necesidades e públicos específicos.

En canto ao tipo de actividades, o programa Letras Vivas divídese en dúas áreas: *Letras Vivas-Animación*, actividades de achegamento aos libros a través do teatro, dos monicreques, da maxia, de contacontos e un amplo abano de obradoiros creativos; e *Letras Vivas- Creación*, obradoiros, presentación de libros, conferencias, recitais literarios e literario-musicais... desenvolvidos por autores, ilustradores e, en xeral, profesionais de referencia vinculados á creación literaria. Das 435 actividades que se organizaron este ano 330 foron de animación e 105 de creación.

Excelente acollida

Na súa quinta edición, o programa Letras Vivas continúa tendo moi boa acollida tanto por parte dos programadores das bibliotecas como do público asistente. Esta iniciativa permite que as bibliotecas públicas podan planificarse a longo prazo, fidelizar públicos e crear hábitos de asistencia a estes centros. Ademais, a través dos obradoiros artísticos, de música, teatro... favorécese un diálogo entre as distintas vertentes creativas, que permite tamén espertar intereses diversos nos participantes así como favorecer a entrada na lectura positiva da man doutras afeccións.

Outro aspecto positivo do programa Letras Vivas é que se da coherencia a finalidade da propia biblioteca, promocionando a lectura, a lingua e a cultura galegas ao mesmo tempo, obxectivos principais do sistema bibliotecario de Galicia. Asemade, a maior parte das actividades ofertadas están dirixidas aos máis pequenos, conseguindo crear un hábito lector nas xeracións que representan o futuro.

Outras actividades de animación á lectura

A Consellería de Cultura e Educación, ademais das actividades do programa Letras Vivas, tamén promoveu outras moitas iniciativas nas bibliotecas nodais galegas, como son os contacontos, clubs de lectura, conferencias, visitas guiadas e de formación para dar coñecemento dos servizos do centro, mostras bibliográficas e exposicións, entre outras.

Doutra banda, o longo deste ano 2012, co fin de difundir a vida e a obra dos autores e principais efemérides literarias, a Xunta de Galicia levou este ano ás bibliotecas nodais a exposición interactiva sobre Celso Emilio ferreiro, a quen o Parlamento Galego acordou dedicarlle este 2012 no centenario do seu nacemento, e a exposición audiovisual sobre Valentín Paz-Andrade, homenaxeado nas Letras Galegas.

SANIDADE ELABORA UN PLAN DE XESTIÓN DOS RESIDUOS SANITARIOS DOS HOSPITAIS PÚBLICOS QUE PERMITIRÁ UN AFORRO DE CUSTO PRETO DUN 60% CADA ANO

- *Un proxecto piloto realizado en Lugo certificou a redución de volume dos residuos en torno ao 70% e a perda de peso no 30%, facilitando o seu almacenamento*
- *Baséase na xestión in situ destes residuos a través dun tratamento que os esteriliza e tritura, eliminando calquera risco para a saúde pública e o medio ambiente*

A conselleira de Sanidade informou esta mañá ao Consello da Xunta da elaboración do Plan de Xestión dos Residuos Sanitarios dos hospitais públicos de Galicia, que permitirá un aforro de custos de preto dun 60% sobre o gasto anual actual, o que supón uns 1,8 millóns de euros de redución no custo cada ano.

Este novo sistema de xestión, ademais de abaratar custos, é máis coidadoso co ambiente. Así, empregaranse un 95% de contedores menos ao ano, pois o emprego de recipientes reutilizables permitirá aforrar aproximadamente 216.000 contedores ao ano á sanidade pública galega.

A implantación deste plan en substitución do método convencional empregado ata o de agora permitirá unha xestión sustentable dos residuos xerados nos hospitais. En concreto, este sistema facilita a esterilización e trituración dos residuos, eliminando calquera posible actividade microbiana, resultando un residuo final inocuo e de aspecto homoxéneo e irrecoñecible. Deste xeito, o tratamento failles perder a súa perigosidade para a saúde pública ou para o ambiente.

Finalizado o procedemento, estes residuos poden ser xestionados como residuos sólidos urbanos, substituíndo o procedemento actual no que empresas especializadas e autorizadas, se encarga do seu transporte ata plantas de tratamento para a súa eliminación.

Proba piloto en Lugo

Durante seis meses realizouse un proxecto piloto no Hospital Universitario Lucus Augusti, que certificou que a redución de volume dos residuos se sitúa en torno ao 70% e a perda de peso no 30%, facilitando o seu almacenamento.

Ademais, as principais vantaxes do sistema son a xestión "in situ", é dicir, que os residuos son tratados no mesmo lugar no que se producen, eliminando riscos no transporte por tratarse dun residuo non perigoso. Ademais, non xera emisións ao ambiente e permite reutilizar os colectores empregados.

Estratexia Sergas 2014: redución do impacto ambiental

O Plan de Xestión de Residuos é unha actuación enmarcada na Estratexia Sergas 2014, e permite reducir os custos asociados a xestión dos residuos producidos nos centros do Servizo Galego de Saúde, reducindo o impacto ambiental e axudando a garantir a sustentabilidade do sistema.

Un dos obxectivos da Estratexia Sergas 2014 é incorporar a responsabilidade social como liña para transformar o Servizo Galego de Saúde nun organismo comprometido coa sociedade, poñendo ao servizo da comunidade o coñecemento sanitario e organizativo, cooperando no desenvolvemento económico e social de Galicia, garantindo condicións de emprego sustentable e coidando do ambiente.

O SERGAS DESTINARÁ 742.000 EUROS Á CONSTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE OIA

- ***O centro edificarase nunha parcela cedida polo Concello***
- ***A súa construción ten un prazo previsto de 12 meses tras a súa adxudicación***

O Servizo Galego de Saúde licitará a construción dun novo centro de saúde no concello pontevedrés de Oia por un importe estimado de 742.988,40 euros, para poder deste xeito dar unha mellor resposta ás necesidades de saúde, presentes e futuras, dos veciños deste municipio.

O centro edificarase nunha parcela cedida polo Concello. A súa construción ten un prazo previsto de 12 meses tras a súa adxudicación.

Esta obra está enmarcada na implantación da Estratexia SERGAS 2014, no obxectivo de modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVISTE 58 MILLÓNS DE EUROS NA LICITACIÓN DA OBRA DE HOSPITALIZACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

- ***O Consello da Xunta vén de autorizar o gasto plurianual para a licitación da obra***
- ***Esta nova infraestrutura contará cunha superficie total de 40.000 m²***
- ***Disporá de sete plantas de hospitalización con dúas unidades por planta, e 22 unidades habitacións por unidade. Polo tanto, haberá un total de 308 habitacións sendo o 60% delas individuais***
- ***O plan director do CHUO enmárcase no proxecto H2050 e incorpora unha área de hospitalización innovadora e coas tecnoloxías máis avanzadas, tanto asistencias como hoteleiras***

O Consello da Xunta vén de autorizar o gasto plurianual para a licitación da obra de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), por un importe de 58 millóns de euros.

Esta infraestrutura, que ten un prazo de execución estimado de 24 meses tras a adxudicación, contará cunha superficie total de máis de 40.000 m².

Así, o plan director do CHUO enmarcase no proxecto innovador H2050 *O hospital do futuro hoxe*, e incorpora unha área de hospitalización innovadora e coas tecnoloxías máis avanzadas, tanto asistencias como hoteleiras.

Sete plantas de hospitalización

Ademais de contar cun párking de máis de 630 prazas distribuídas en dúas plantas, esta nova infraestrutura disporá de sete plantas de hospitalización con dúas unidades por planta, e 22 habitacións por unidade. Polo tanto, haberá un total de 308 habitacións, sendo o 60% delas individuais.

Doutra banda, esta nova unidade de hospitalización contará cunha planta dedicada á innovación, na que se situará a robotización integral do hospital e do paciente, e onde se desenvolverá a telemedicina e os programas do fogar dixital.

O consello autoriza o gasto plurianual para a licitación da obra.

DESDE O VINDEIRO DÍA 24 DESTE MES OS FAMILIARES DE PACIENTES AFECTADOS POR ALZHEIMER PODEN REALIZAR A SOLICITUDE DE NOVA TARXETA SANITARIA PARA ESTES ENFERMOS, O QUE LLES FACILITARÁ O ACOMPAÑAMENTO NA CONSULTA

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, vén de abordar un informe da Consellería de Sanidade referido á enfermidade do Alzheimer, e no que se sinala que, a partir do vindeiro día 24 de setembro, os familiares de pacientes afectados por esta doenza poidan realizar a solicitude da nova tarxeta sanitaria para estes enfermos. En consecuencia, as persoas que sufran esta enfermidade disporán dunha tarxeta sanitaria co distintivo AA na parte superior esquerda, que lles dá dereito a permanecer acompañados durante todo o proceso de atención e, por tanto, se mellore substancialmente o seu acceso á atención sanitaria.

Tal e como refire o informe, en Galicia temos máis de 38.000 persoas diagnosticadas de demencia e cada ano détectanse 5.000 novos casos de Alzheimer, polo que a posibilidade de que estes pacientes poidan permanecer acompañados no momento da súa atención garante que o acompañante poida interpretar os síntomas das persoas con esta enfermidade e ser os 'tradutores' das súas manifestacións e comportamentos, posto que eles non poden facelo polas limitacións da propia patoloxía.

Esta iniciativa da Consellería de Sanidade mellora a seguridade e diminúe as consecuencias non desexadas destas situacións, xa que o estado destes pacientes fai que, ás veces, non comprendan as indicacións ou recomendacións, o que pode dificultar ou impedir a atención.

A medida tomada polo departamento que dirixe Rocío Mosquera dáse en resposta ás necesidades presentadas polas asociacións de pacientes e familiares con esta enfermidade e no marco da celebración neste 2012 do Ano Galego do Alzheimer.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde son conscientes, dado o incremento da esperanza de vida e o progresivo envellecemento da poboación nos países occidentais, que as enfermidades crónicas, e entre elas o Alzheimer, representan un gran reto para os sistemas públicos de saúde. Ademais, tal e como recolle o informe hoxe abordado no Consello da Xunta, o impacto desta patoloxía prodúcese directamente sobre o paciente, pero ten tamén unha gran repercusión sobre o seu contorno social, e é a causa de múltiples problemas no núcleo familiar.

En consecuencia, a Administración sanitaria galega é coñecedora de que a atención aos pacientes e aos seus familiares esixe unha abordaxe multidisciplinar, e que é preciso contar coa participación activa de todos os profesionais implicados, pero, tamén, dos familiares e cuidadores.

Coa fin de potenciar o intercambio coordinado, flexible e eficaz de coñecementos e recursos entre os profesionais, e entre os profesionais e os cuidadores, e para o que se configurou o 2012 como Ano Galego do Alzheimer.

Para tal efecto, Sanidade levou a cabo diversas actividades, entre as que cabe destacar: dous cursos superiores de 20 horas, sobre cuidados no paciente con Alzheimer para familiares e cuidadores; sete talleres de información básica sobre demencias e Alzheimer; sete talleres sobre recursos sociosanitarios e aspectos legais referidos a esta enfermidade; sete talleres de psicoestimulación en demencias e Alzheimer; unha xornada e unha mesa redonda sobre o Alzheimer no seo do Congreso da Sociedade Galega de Calidade Asistencial; un foro on-line do Experto responde, no Día Mundial do Alzheimer; así como un ciclo de cine no que se proxectarán películas relacionadas co Alzheimer e comentadas por especialistas do Sergas, e que se vai celebrar nos días 19 e 20 do presente mes.

Ademais, para facilitar o traballo aos cuidadores habilitouse un teléfono de apoio aos mesmos (902 400 116) e estase a traballar na mellora dos procesos asistenciais.

As actividades realizáronse no seo da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, o 061 e a Dirección de Asistencia Sanitaria do Sergas.

A XUNTA APOSTA POR UNHA REDE ESPECÍFICA E DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA AS PERSOAS CON ALZHEÍMER

- *Mañá, 21 de setembro, celébrase o Día mundial do Alzheimer*
- *O Goberno galego está a apostar por crear unha rede específica e especializada; un modelo de atención integral e centrado na persoa; e a formación e apoio ás familias e ás persoas cuidadoras non profesionais*
- *Entre outras actuacións, destaca o aumento durante a lexislatura do 77 por cento das prazas de atención diúrna para as persoas con Alzheimer*

Con motivo da celebración mañá do Día Mundial do Alzheimer, o Goberno galego reafirma a súa aposta pola atención ás persoas que padecen esta enfermidade. En concreto, a Xunta está a basear a súa actuación nesta lexislatura na creación dunha rede de servizos específica e especializada; nun modelo de atención integral e centrado na persoa; así como na formación e apoio ás familias e ás persoas cuidadoras non profesionais.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe que dá conta das actuacións que se teñen levado a cabo ao longo desta lexislatura co obxectivo de mellorar a atención ás persoas con Alzheimer e ás súas familias.

Entre outras actuacións, destaca o incremento nestes tres anos dun 77 por cento nas prazas de atención diúrna dirixidas a este colectivo, o que en termos absolutos supón a posta en marcha de 180 novas prazas.

A rede actual conta con 12 centros, aos que se sumará no último trimestre deste ano un novo centro de día público en Pontevedra.

Ademais destes recursos, o Goberno galego está a apostar por formar aos cuidadores non profesionais: tanto das persoas en situación de dependencia en xeral (formáronse xa unhas 7.000 persoas), como dos cuidadores de persoas con Alzheimer, que chegaron a 1.225 persoas. Neste mesmo sentido, e en colaboración coa Federación de asociacións galegas de familiares, elaboráronse guías específicas para orientar a cuidadores de persoas con demencia.

A maiores, este ano implantáronse por primeira vez actuacións de voluntariado dirixidas ao acompañamento de persoas que padecen esta enfermidade.

Outra liña de traballo que se está levando a cabo, en relación directa con entidades e fundacións, é a posta en marcha de programas de envellecemento activo que teñen como obxectivo previr a aparición de situacións de dependencia e promover a autonomía persoal. Neste eixo, inscríbense iniciativas como os obradoiros "Activando a mente", que se levan a cabo con Fagal; ou os programas de prevención da dependencia

e de estimulación das capacidades cognitivas que se levan a cabo coa Fundación “La Caixa” e coa Obra Social de Caja Madrid.

Tamén se está a elaborar actualmente a estratexia sobre a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020. Esta estratexia busca dar un salto cualitativo nas actuais políticas de persoas maiores e persoas en situación de dependencia, en busca dunha prevención e detección precoz.

En total, no mantemento dos distintos programas e servizos de atención a este colectivo destináronse un total de 13,5 millóns de euros.